

ANÁLISE DAS ORDES DE SUBVENCIONS

16-01-2008

RESUMEN ORDEN SUBVENCIONES

Publicación no DOG das ordes de subvencións:

O día 16 de xaneiro publicouse a orde que regula as subvencións a concellos e mancomunidades de municipios e o día 17 xaneiro publicase a que regula as subvencións a entidades. O prazo para presentación de solicitudes de concellos remata o día 16 de febreiro e o día 18 de febreiro remata o prazo para entidades.

1.- Proxectos subvencionables (art. 1):

Subvencionaranse os proxectos que afecten a algunhas das seguintes áreas:

-Sensibilización: levar a cabo a organización de charlas, seminarios, estudio e campañas que fomenten a sensibilización coa realidade das entidades de acción voluntaria e que podamos entender a importancia da participación solidaria na realidade galega.

-Formación e participación: necesaria para a reciclaxe e coñecemento do mundo do voluntariado, tanto das persoas responsables de voluntariado como dos voluntarios. Neste apartado inclúese a creación e mantemento das páxinas web.

-Coordinación: trátase de fomentar o traballo en rede entre as entidades, presentando proxectos conxuntos, traballando en colaboración unhas con outras. Valóranse, sobre todo os proxectos innovadores, en canto se adapten as demandas da sociedade (atención a inmigrantes, familias monoparentais, colectivos con risco de exclusión social, etc.), e sobre todo valoraranse proxectos conxuntos con outras entidades.

2.-Requisitos (art. 3):

- Entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria a data de publicación da orde no DOG e legalmente constituídas.

- Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter débedas coas Administración públicas (novidade este ano para entidades). Os Concellos e mancomunidades de municipios están exentos de dita presentación de conformidade coa Lei de orzamentos de Galicia para o ano 2008.
- Ter contratados os seguros de responsabilidade civil e accidentes dos voluntarios (envíanosenos moi poucos xustificantes de seguros).
- As entidades deberán manter os requisitos durante todo o período subvencionado.
- Nos proxectos conxuntos de varias entidades debe facerse constar no proxecto a parte executada por cada unha delas, así como o orzamento de cada unha delas destinado o proxecto, tratase de coñecer que fai cada entidade no total de proxecto que presentan.

3.- Conceptos subvencionables (art. 5):

- Gastos desde o 1 de xaneiro o 15 de outubro de 2008.
- Subvencionanse gastos correntes: entre outros, contratación de persoal técnico, dietas de voluntarios, gastos derivados da contratación de persoal para impartición de cursos, adquisición de material funxible non inventariable, por exemplo, material de oficina, servizos de comunicación (telefónicos, postais e telegráficos), gastos de aluguer, gastos de pólizas de seguros de voluntarios, etc.
- Non se subvencionan os gastos en bens inventariables, por exemplo, ordenadores, mesas, etc, nin multas ou sancións administrativas.
- O importe máximo a subvencionar é o 80% do proxecto presentado, este é o límite máximo, dependendo da calidade do proxecto e da puntuación obtida na Comisión de Valoración. Este importe non ten nada que ver ca posterior

xustificación do gasto regulada no artigo 11, que deberá ser sempre o total do proxecto presentado. Por exemplo, si o proxecto é de 100.000 €, xustificaranse os 100.000 €, con independencia do concedido.

4.- Solicitudes (art. 6):

-Prazo: un mes desde a publicación no DOG (de data a data).

-Documentación:

a) Anexo I no que se separa claramente:

- Datos da entidade.

-Datos do representante legal.

-Datos da persoa de contacto.

-Relación da documentación requerida (proxecto detallado de actividades, certificación expedida polo secretario (anexo II), fotocopia de DNI do representante legal, fotocopia compulsada do CIF da entidade e certificación orixinal da conta bancaria da entidade).

b) Anexo II que acredita ao representante legal da entidade. No mesmo figura a declaración de axudas solicitadas para o mesmo proxecto axudas distintas a da Subdirección Xeral de Solidariedade e Participación, e como novidade consta dun apartado para facer constar os fondos propios da entidade.

c) Apartado e) do artigo 6: Un so proxecto por entidade ou agrupación de entidades, (novidade este ano). No proxecto é moi importante axustarse o modelo do Anexo IV.

-Nos proxectos do ano pasado preséntanse deficiencias varias, entre elas, non se explica claramente o obxectivo que pretenden, as actividades a realizar, as súas datas e lugares de realización nin o seu custo.

-Valórase que figuren as persoas responsables, número de voluntarios, as funcións que levan a cabo, os horarios, etc.

-Como novidade, valórase a presentación de proxectos en galego.

Tamén se terá en conta, a pesar de que non é unha esixencia normativa da orde, que as entidades que teñen acceso a páxina web de voluntariado galego nos teñan en todo momento informados das actividades programadas e executadas pola entidade.

É importante a hora de elaborar o proxecto, atender os criterios de valoración do artigo 8 da orde, porque se os proxectos non acadan unha puntuación mínima estes quedarán fora de corte, non se subvencionan por falta de calidade do proxectos.

Compre resaltar que, na formación ofertada pola Subdirección Xeral neste ano están programados cursos para o elaboración de proxectos de voluntariado.

Criterios do artigo 8:

-Coherencia xeral do proxecto (ata 30 puntos).

-Capacidade financeira da entidade, valórase o feito de que a entidade poña dos seus fondos para o proxecto (ata 20 puntos)

-Proxectos innovadores (ata 15 puntos).

-Viabilidade do proxecto (ata 10 puntos).

-Participación do voluntariado que se acredita mediante xustificante de pago de primas de seguros (ata 10 puntos).

-Consonancia entre a formación recibida polos voluntarios e a súa actividade na entidade (ata 5 puntos).

-Proxecto xestionado por varias entidades (ata 5 puntos).

-Uso do galego (ata 5 puntos).

d) Apartado f) do artigo 6: Certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de Facenda da Administración autonómica, da Seguridade Social e do Concello de non ter débedas coas administracións públicas. Este é un requisito novo das solicitudes deste ano, aplicable só a entidades.

5.- Aceptación tácita (art. 9.4):

Como novidade, este ano, unha vez notificada a resolución, se a entidade non comunica nada no prazo de 10 días entendemos que aceptan a subvención.

6.-Xustificación (art. 11):

- A data límite para facer as actividades é o 15 de outubro, data na que tamén remata o prazo para xustificar (non se poden enviar facturas de datas posteriores).

Artigo 11 da Orde, referido a xustificación:

a) Anexo III con todos os seus puntos:

1.-Declaración de axudas para o mesmo proxecto, e igual que pasaba no anexo II, axudas doutras entidades non a da Subdirección Xeral de Solidariedade e participación.

2.-Declaración dos fondos propios aportados o total do proxecto (igual que no anexo II que acompaña a solicitude inicial). Novidade da orde de 2008.

3.-Breve esquema das actividades.

4.-No apartado IMPORTE TOTAL, poñer o total do proxecto, que debe coincidir co importe total do anexo V, “gasto executado” e co total da relación de facturas.

b) Memoria descriptiva das actividades. A memoria final que acompaña a xustificación debe ter correspondencia co proxecto presentado coa solicitude e, importante, concretar as datas nas que se fan as actividades, cantos voluntarios participan, lugares, etc.

c) Facturas xustificativas do gasto acompañadas de xustificantes de pago; estanse mandando facturas nas que non se acompañan xustificantes bancarios de transferencia ou recibí con firma e DNI do interesado.

NOVEDADES NA ORDE DE AXUDAS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES

1º Límite máximo a subvencionar 80% do orzamento total do proxecto e non da cantidade solicitada (art. 5).

2º Presentación dun só proxecto por entidade (art. 6). Dito proxecto este ano ten un formato distinto, danse unhas pautas xerais, e deberá ter catro páxinas como máximo.

3º Aceptación tácita se no prazo de 10 días desde a notificación non ten contestación a Administración.

4º Importe dos fondos propios para o proxecto. Non se subvencionará o total do proxecto, máximo subvencionarase o 80%; o restante orzamento financiaranse con fondos propios ou axudas de entidades públicas e privadas. Como novidade, a achega de fondos propios o proxecto terase en conta a hora de valorar o proxecto; no artigo 8.b) da orde.

5º Memoria de actividades que deberá presentarse xunto co certificado, anexo III.

NOVEDADES NA ORDE DE AXUDAS PARA ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA

1º Acreditar non ter débedas no período executivo de pago na Comunidade Autónoma de Galicia e restantes administracións públicas. Deberán presentarse certificacións acreditativas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Administración Autonómica Galega, da Seguridade Social e dos Concellos onde teñan a súa sede.

2º Límite máximo a subvencionar 80% do orzamento total do proxecto e non da cantidade solicitada (art. 5).

3º/ Presentación dun só proxecto por entidade (art. 6). Dito proxecto este ano ten un formato distinto, danse unhas pautas xerais, e deberá ter catro páxinas como máximo.

4º/ Aceptación tácita se no prazo de 10 días desde a notificación non ten contestación a Administración.

5º/ Importe dos fondos propios para o proxecto, non subvencionamos o total do proxecto, máximo subvencionamos o 80%; o restante orzamento financiaranse con fondos propios ou axudas de entidades públicas e privadas. Como novidade, a achega de fondos propios o proxecto terase en conta a hora de valorar o proxecto; no artigo 8.b) da orde.

ERROS DETECTADOS NA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS DE 2007:

- No anexo III, no punto 1º hai que recoller as axudas que correspondan a entidades públicas ou privadas alleas a subvención da Dirección Xeral de Solidariedade. Algúns concellos e entidades fan constar esta subvención.

- No anexo III, no punto 3º debe constar o custo total do proxecto.

- No anexo III debe figurar como data límite a de 15 de outubro de 2008 e non datas posteriores.

-No anexo III non poden figurar tachaduras.

- O gasto debe ser sempre anterior o 15 de outubro, veñen facturas e custos de datas posteriores.

- As facturas deben cumprir todos os requisitos legais, CIF, nome, etc, tanto da entidade como do proveedor dos servizos.

-Cada factura ou gasto debe estar acompañado sempre do correspondente xustificante de pago dos importes (transferencia bancaria, recibí do interesado).

- Nas facturas correspondentes a gastos de voluntarios (comida, autopista) non se ve a relación entre o gasto e a actividade de voluntariado. No concepto da

factura non pode aparecer por exemplo, “comidas”, sen mais, deben detallarse o número de voluntarios, que se corresponda co número de “acordos ou compromisos de incorporación”. No importes que perciben os voluntarios non está acreditada a vinculación entre a entidade e a persoa que figura nos recibís. Non se cumpre o artigo 11 da Lei de voluntariado, non se remite acordo ou compromiso de incorporación das persoas voluntarias a entidade nin xustificante dos seguros de voluntarios.

- Non se cumpre a obriga de comunicar por escrito certificado, cunha antelación de 20 días, a realización de actividades que conteñan publicidade escrita (artigo 14.2). Deben incorporarse os logotipos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Xunta de Galicia.

-En canto a concorrencia de subvencións; a suma de todas as axudas non pode superar o custo total do proxecto. O total da nosa axuda, a doutras entidades públicas ou privadas e os fondos propios non pode ser superior o custo que se fixo constar no Anexo I. Este ano tivemos que recortar no pago dalgunha subvencións por motivo desta concorrencia.